

**REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN SOBRE REQUERIMENTO SUBSANACIÓN E EXCLUSIÓN DE LICITADORES NO PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas e trinta minutos do día 17 de outubro de 2014, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do "PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO PUBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" NO CONCELLO DE AMES.

**Presidente:** O alcalde-presidente do concello de Ames Santiago V. Amor Barreiro

**Vogais:**

- A secretaria do concello dona Rosa Ana Prada Queipo
- O interventor do concello don José Antonio Rueda de Valenzuela
- A concelleira delegada de Medio Ambiente dona María Eugenia Martín Vicente.
- A arquitecta técnica municipal do concello de Ames dona María Gamundi Fernández

**Secretaria:** Dona María Ofir Aboy García, funcionaria do departamento de secretaría.

Na acta de apertura do sobre A procedeuse á apertura dos sobres "A", que contiñan a documentación administrativa.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral acreditativa das empresas que presentaron solicitude en prazo, resultando admitidas na licitación e continuando no procedemento os seguintes licitadores:

- A empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A, con CIF A- 78139755
- A Unión Temporal de Empresas constituída por Acciona Agua Servicios SLU, con CIF B- 86774528 e Espina Obras Hidráulicas S.A, con CIF A-15168156

En dita reunión da mesa de contratación, acordouse requirir á empresa Hidrantia Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 para que emende a súa proposición, prestando a seguinte documentación no prazo de tres días hábiles:

1. *Proposición asinada polos dous representantes mancomunados.*
2. *Orixinais (ou compulsas válidas) da documentación acreditativa da capacidade de obrar, representación e solvencia.*
3. *DNI do administrador mancomunado don Luis Ordax Rodríguez e a declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar ca administración, asinada polos representantes da empresa.*
4. *No que se refire á integración da solvencia con medios externos, os compromisos aportados por outras entidades deberán precisar de xeito detallado os medios a achegar para a execución do contrato, de modo que permitan valorar a solvencia da proposición.*
5. *Declaracións de solvencia económica emitidas cando menos por dúas entidades financeiras.*
6. *Certificacións administrativas acreditativas de estar a prestar ou ter prestado servizos de abastecemento de auga ou saneamento e depuración de forma conxunta ou separada en polo menos dous municipios e que a poboación dun deles sexa de mais de 12.000 habitantes, individualmente ou en unión temporal de empresas.*

Unha vez comunicado o requerimento ao licitador, con data 17 de outubro de 2014 a empresa

Hidrantia Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 presenta escrito comunicando á mesa de contratación que non vai a proceder a enmendar a súa proposición. Comunicación que obra no expediente.

Na mesma acta da mesa de contratación, acordouse a exclusión do licitador José Manuel Vale Vale con NIF 33307196-E por non cumprir co disposto no artigo 145 do TRLCSP, ao non se axustar a súa proposición ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, na medida en que:

- A proposición non supón por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares, nin do de prescricións técnicas,
- A documentación contida no sobre A revela o importe mínimo do canon anual ofertado ao Concello, vulnerando o carácter secreto da proposición económica a incluír no sobre C.

Unha vez comunicada a exclusión ao licitador, con data 17 de outubro de 2014, o licitador José Manuel Vale Vale presenta escrito de alegacións á exclusión efectuada pola mesa de contratación en data 13 de outubro de 2014.

Non sendo o momento procedimentalmente oportuno para realizar alegacións á exclusión realizada pola mesa de contratación, e dado o escrito presentado por Hidrantia Gestión integral del Agua S.L dado que manifesta a súa vontade de non presentación da documentación requirida para continuar no procedemento de licitación, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

**Primeiro:** Proceder ao rexeitamento da proposición realizada por Hidrantia Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 por non ter atendido ao requirimento solicitado.

**Segundo:** Non admitir a trámite as alegacións efectuadas por José Manuel Vale Vale con NIF 33307196-E por non ser este o momento procedimental oportuno para formular oposición contra o acordo da mesa de contratación de proceder a súa exclusión.

**Terceiro:** Ó abeiro do artigo 27 do Real decreto 817/2009 de 8 de maio, fixar para o día 21 de outubro de 2014 ás 14:00 horas a apertura dos sobres "B" no salón de plenos da Casa Consistorial.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e corenta minutos do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.

